



*Asociación de profesores de música
de secundaria e bacharelato de Galicia*

M^a José Pérez Mariño
 Directora Xeral de Ordenación e Innovación Académica
 Consellería de Educación e Ordenación Universitaria



Sra. Directora Xeral:

Nos últimos anos, nos que as asignaturas de Música I, Música II e Historia da Música formaron parte do currículo do Bacharelato en tódolos centros, tivemos percibido un grande interese por parte do alumnado nestas materias, cunha crecente demanda que chegou a traducirse na creación de varios grupos por curso. Isto supuxo unha enorme satisfacción para os ensinantes destas materias. Asimesmo, comprobamos que unha oferta ampla de asignaturas optativas é enriquecedora para o alumnado, xa que se favorece o desenvolvemento de moitas capacidades que se complementan entre sí. No caso da Música, os resultados veñen sendo óptimos, xa que esperta e reforza diversas destrezas referentes como demostran as enquisas realizadas.

Estamos absolutamente convencidos, e así o manifestamos, de que o currículo das materias de Música contribúe a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permiten acadar os obxectivos que expresa o artigo 3º do borrador do decreto. E só como exemplos, sen ánimo de ser exhaustivos:

- As prácticas instrumental e vocal colectivas fomentan *a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa o desenvolvemento da escoita de música de calqueira estilo ou cultura (art.3.a)*
- O estudo do papel social da música na nosa e noutras culturas non só promove directamente a conciencia polos dereitos humanos (art.3a), senón que fomenta *a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres...(art.3.c)*
- A búsqueda constante de fontes bibliográficas, musicais e artísticas en xeral doutras culturas sen dúbida reforzan os hábitos de lectura nas nosas e noutras linguas (art.3.d e 3.e)
- O coñecemento da linguaxe propia da música tanto de xeito escrito coma de xeito oral, visual e nun instrumento musical, favorecen directamente a capacidade para expresarse con fluidez e corrección (art. 3.f)
- A práctica de escritura musical cun programa informático, o coñecemento de equipos imprescindibles como unha mesa de mezclas, un equipo de gravación ou un sintetizador, a búsqueda de recursos musicais en internet etc, contribúen directamente a *utilizar eficazmente e con responsabilidade as tecnoloxías da*



información e comunicación (art.3.g).

- O estudo das músicas populares contemporáneas, do jazz, da música nos medios de comunicación, da música no cine, contribúen a *coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo... (art.3.h.)*

E sen dúbida contribúe a *proporcionar ó alumnado a formación, a madurez intelectual e humana, os coñecementos e as habilidades que lle permitan incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia así como capacitarse para o acceso á educación superior. (art. 2, principios e finalidades).*

Por todo isto, a Asociación de Profesorado de Música de Secundaria e Bacharelato de Galicia quere facerlle saber:

1.- As motivacións que impulsaron á Consellería a reducir a presenza das materia de Música segundo o anteproxecto de decreto para o Bacharelato. É por isto que solicitamos información e explicacións sobre este punto.

Entendemos que unha materia optativa non prexudica a ninguén, nin no eido curricular, no que están plenamente xustificadas os contidos das materias, nin no eido organizativo dos centros. Por outra banda, entendemos que a intención da actual Administración educativa é a máxima oferta de optatividade posible, en beneficio do alumnado.

2.- Solicitamos unha pequena modificación no Proxecto do Decreto que asegure:

- **Que os alumnos podan elixir a optativa de Música nos dous cursos do Bacharelato.**
 - Art. 8.4 [...] *que serán cursadas nun dos cursos [...]*
 - Desta redacción infírese que só se permite elixila nun ou noutro curso .
- **Que os centros teñan a obriga de ofertar esta asignatura nos dous cursos.**
 - Art. 8.4 [...] *os centros ofertarán obrigatoriamente[...]*
 - Esta redacción non implica que a oferta sexa obrigatoria nos dous cursos. Consideramos que é importante que este punto sexa concretado no decreto e que non quede aberto á decisión de cada centro.
- **Que o alumnado de calquera modalidade poda elixir Historia da Música e da Danza como optativa non só en centros que impartan o Bacharelato Artístico.** Neste punto consideramos que a redacción dos artigos 7.5 e 8.3 plantexa certas dúbidas:
 - Art. 7.5. [...] *polo menos 5 deberán ser da modalidade elixida.*
 - Entendemos e desexamos que esta sexta asignatura poda ser doutra



modalidade, sexa esa ofertada no centro ou non (por exemplo, no caso de Historia da Música e da Danza nos centros que non impartan o Bacharelato de Artes).

- Art. 8.3. [...] *garantíndose que o alumnado poda elixir tamén como materia optativa unha materia de modalidade.*
 - Igualmente desexamos que o alumnado poda elixir como optativa unha materia propia dunha modalidade que non se imparta no centro, coma no exemplo anterior.

3.- A nosa preocupación pola asignatura “Historia da Música e da Danza”, que no borrador se contempla como propia da modalidades de Artes escénicas, música e danza, está relacionada coas nosas preocupacións en referencia ós Bacharelatos das Artes:

- Por unha banda consideramos moi interesante e apropiada a inclusión no Decreto dun Bacharelato das Artes escénicas, música e danza.
- Por outra gustaríanos coñecer cales son as previsións para crear Bacharelatos de Artes por toda Galicia. Actualmente só dispoñemos de 7. No que respecta á música, o alumnado interesado neste Bacharelato sería fundamentalmente o matriculado en Conservatorios Medios (de calquera titularidade). É importante que a Consellería tome a iniciativa á hora de implantar esta opción do Bacharelato, como mínimo en todas aquelas localidades cercanas ou que dispoñan dun Conservatorio Medio. Se ademais pensamos no alumnado interesado en artes plásticas, deseño, imaxe, artes escénicas e danza, sen dúbida estamos a falar dun número importante de estudantes e digno de ter en conta.
- Ademais, é imprescindible que esta vía do Bacharelato non sexa excluínte, como sucede hoxe en día, e que o alumnado que opte por ela poda presentarse á Selectividade.

Por último, gustaríanos manifestarlle a nosa dispoñibilidade ó diálogo coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de cara ó futuro, para concretar outros aspectos referentes tanto á ESO como ó Bacharelato.

Despídese atentamente

En Santiago, a 9 de maio de 2008

Óskar Galende, Presidente de Asomúsica.